

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA ONCE DE XANEIRO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as 21:00 horas do día once de xaneiro de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros dela ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e oito de decembro do ano dous mil dez, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 2067/10 de don Jesús Otero Barros e outros.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Trobe, solicitan licenza para proceder á parcelación da leira núm. 650 de concentración parcelaria de San Andrés de Trobe, situada en Xián, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2) en catro parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto técnico agrícola don Eladio Méndez Casal.

A Xunta de Goberno, a vista do informe favorable da técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación da finca 650 nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesourería municipal, que ascenden á cantidade de douscentos corenta (#240,00#) euros.

2.2.- Instancia num. 840/08 de dona M^a Carmen Carrillo López



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun rexistro de augas na finca nº 520 de concentración parcelaria de Ribadulla, mediante a colocación de aneis de formigón, situada en Agrelo- Santa Cruz de Ribadulla.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as axustarse ás seguintes condicións: construírse a unha distancia maior de 3 metros dos lindeiros; deberá solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia e non se comezarán as obras ata a súa obtención debendo axustar as obras ás condicións da autorización.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.3.- Instancia num. 2087/10 de dona Natalia Vigo Barreiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para rehabilitación da súa vivenda de aproximadamente 70 m², consistente no cambio de tellado, cambio de fiestras e pintura exterior, situada en Calzande, en solo rústico de especial protección de espazos naturais (R-6), segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación, as obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons; en cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica e a cor utilizada nas fachadas será branco ou tonos suaves acordes co contorno.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e un euros con setenta e oito céntimos (#91,78#)

2.4.- Instancia num. 2.055/10 de don Fernando Cabanas López

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, solicita licenza para proceder á parcelación da finca num. 459 de concentración parcelaria de San Fins de Sales e San Andrés de Illobre, situada en Nande, en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en tres parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo arquitecto don Julio Vázquez Suárez

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza de parcelación da finca num. 459 nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenden á cantidade de 180,00 euros



3º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

3.1.- Escrito num. 2000/10 de Promotora Matimán, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Juan Carlos Martínez Barreiro, en representación de Promotora Matimán, S.L, solicita a devolución dos avais constituídos para responder da execución das seguintes obras: *Instalación de tabiquería móbil no Museo Paz Camps en San Fins de Sales, Centro de interpretación Parroquial de Vedra e instalación de tabiquería móbil no museo de Vedra.*

Dáse conta asimesmo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución dos citados avais

4º.- Certificacións de obras

4.1.- Certificación num. 2 e final da obra de *Ampliación da rede de saneamento en O Matelo e A Torre do FEESL*

Dáse conta da certificación num. 2 e final da obra de *Ampliación da rede de saneamento en O Matelo e A Torre*, incluída no Fondo Estatal para el Empleo y la Sostenibilidad Local 2010, e máis da factura num. 25 da empresa adxudicataria Manuel Sobredo, S.L, por importe de 21.938,74 euros, sendo o director da mesma o arquitecto municipal don Fernando Faya Martínez

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma

2º.- Declarar a conformidade desta administración coa execución da mesma por parte da empresa adxudicataria e que esta se desenvolveu de conformidade co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares regulador e o contrato asinado entre o concello e a empresa adxudicataria

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezasete de decembro de 2010, pola que se acorda o arquivo das actuacións practicadas a don Gerardo Andujar García para dar cumprimento ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da parcela da súa propiedade en Castro-Ponte Ulla.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e un de decembro de 2010, pola que se acorda o arquivo das actuacións practicadas a dona Dolores Iglesias Gacio para dar cumprimento ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do



medio rural de Galicia, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da parcela da súa propiedade en Cibrán-San Xián.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de decembro de 2010, pola que se acorda o recoñecemento do primeir trienio á traballadora dona M^a Carmen Pérez Torres, con efectos do 01/12/2010.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de decembro de 2010, pola que se acorda o arquivo das actuacións practicadas a don Andrés Faraldo Fernández e ós herdeiros de Esther Fernández Faraldo, para dar cumprimento ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da parcela da súa propiedade en San Pedro de Vilanova.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e nove de decembro de 2010, pola que se acorda nomear funcionaria de carreira da escala de administración xeral, subescala auxiliar, a dona Sonia Gamás Villanueva, a proposta do tribunal cualificador, por ter superadas as probas selectivas realizadas consonte a oferta de emprego público do ano 2009.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de decembro de 2010, pola que se acorda o arquivo das actuacións practicadas a don Juan Carlos Quintela Touzón para dar cumprimento ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ao terse procedido á limpeza e acondicionamento da parcela da súa propiedade en Illobre-San Andrés de Illobre.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de decembro de 2010, pola que se ordena a don Daniel Goldar Beiras dar cumprimento ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para proceder á limpeza e acondicionamento da parcela da súa propiedade en Pazos-Santa Cruz de Ribadulla.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de xaneiro do ano que andamos, pola que se comunica a don Manuel Cabo Silva que as actuacións realizadas para dar cumprimento ao disposto no artigo 9 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, para deixar o vial que discorre lindante á súa parcela núm. 525 da concentración parcelaria de Vilanova-Merín, expedito das ramas e árbores que o invaden dende a súa propiedade son insuficientes polo que se procederá á execución subsidiaria por parte do concello.

A Xunta de Goberno dáse por enterada



6º.- Outros asuntos

Non se presentan

Conclúe ao fio das vinte e dúas horas e dez minutos

